Manual do/a usuario/a

1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxate no gráfico:

Tal e como se explica para moverte pola unidade unicamente deberás de facer clic naquel apartado que queiras, tras o cal aparecerá o contido escollido.

2.- Ver/ocultar grosa, ligazóns...:

Nalgúns lugares, no fondo da pantalla, poderás observar unha serie de botóns que che permiten realizar diversas funcionalidades:

Este desprega un menú dende o que acceder a calquera dos subapartados relativos ao que está aberto na pantalla.

Permite ocultar as palabras clave que están en grosa (negriña).

As frechas permiten moverse ó seguinte ou ó anterior apartado, si existise.

Estes botóns abren novos contidos, gráficos, infografías, exemplos...

Este abrirá unha imaxe ou gráfico no centro da pantalla.

Abrirá algún contido de Internet na páxina central como pode ser un vídeo de Youtube.

Abre arquivos como pdfs ou esquemas do texto que estás a ver.

3.- As lecturas:

A unidade conta con lecturas que teñen un aspecto semellante ó da imaxe, para "pasar as follas" so debes de por o rato nun dos dous bordes laterais e facer clic., verás que fai un efecto como si se levantase a folla. Tamén podes pasar as follas empregando as frechas dereita e esquerda do teclado.

4.- As actividades:

Na práctica totalidade das actividades atoparaste na parte superior con unha ou dúas ligazóns que se premes levarante algún lugar de Internet onde podes consultar algo relativo as actividades que estás a facer como por exemplo un dicionario.



Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, si pos o rato enriba de cada número verás o nome da actividade, facendo clic irás directamente a esa actividade.

Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente, pasa a seguinte sen necesidade de que fagas clic en ningún lado, si pola contra cometiches erros e debes de repetir o exercicio, este se recargará automaticamente.

Lembra que de todo o teu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que che pode servir de auto-avaliación, si o desexas ver so tes que premer na esquina superior dereita, na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, si foron correctas ou non, etc...

5.- Traballo colectivo:

Preme no botón coa icona do lapis para introducir o teu usuario e contrasinal e introducir os datos que queiras dentro do teu póster.